anpa a ferradura

# A ANPA EN FOTOS

Presentámosvos nestas páxinas unha pequena mostra das actividades que @s vos@s fill@s realizan a través da ANPA.
Tedes que desculpar se alguén non sae, pero non había sitio para tod@s!!
Arranxarémolo na seguinte edición do Banzo para que aparezades tod@s @s demais.
Nas próximas semanas poñeremos en marcha un blog da ANPA para que tod@s poidamos participar nel e iremos subindo aí o arquivo de fotos.
Mentres tanto, teremos que conformarnos co que hai aquí…
Sabemos que faltan @s debuxantes, pero na seguinte compensarémosllo!!
O que temos polo de agora, por orde de aparición, é: Ballet, Comedor e merecido patio, @s que mais madrugan, iudo, os mais teatreiros, música, piano, batería..., circo e ata contos in english para @s mais pequen@s.

AVISO
Para axilizar a comunicación coas familias, abrimos unha NOVA CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO NA ANPA.
Tomade nota:
anpaferradura@gmail.com

Publicidade

# OBRADOIRO PARA NAIS E PAIS

## EDUCAR PARA A INDEPENDENCIA E A RESPONSABILIDADE

A maioría das nais e pais estamos sinceramente motivados para darlles ás nosas fillas e fillos a mellor educación do mundo, pero con frecuencia atopámonos con que a tarefa é máis complexa do que podiamos esperar, ata o punto de que algunhas situacións chegan a superarnos ou mesmo bloquearnos. Queremos que as nosas nenas e nenos cooperen na casa e sexan autónomos e responsables, pero as nosas estratexias non obtenen os resultado que desexariamos.
Ás veces, preguntámonos se é posible acabar coas condutas inadecuadas e ensinar unhas regras de xeito claro e comprensible sen perder a voz, a paciencia e a compostura. E sen ter que recorrer a amezas, reprimendas, persuasión e discusións.

Para axudarnos nesta tarefa pedimos a colaboración do "Programa de nais e pais" que organiza a UMAD, que porá á nosa disposición o seu coñecemento, procedente de anos de experiencia traballando con familias, nun obradoiro que terá lugar todos os mércores de abril, en horario de 16 a 18 hs, nas dependencias do colexio.

ALFAGUARA
Obradoiro
Santillana
Seguimos avanzando




gotelo blanco
edicións
coa
cultura galega

GRUPO ANAYA
XERAIS